



Corazón de tinta.

Kornelia Funke.

Ed. Siruela.

Primeiro da saga dedicada á moza Meggie, Lingua de bruxo (o seu Pai), Capricornio, Dedo Polvorento e un sen fin de personaxes. Gustará moito.


Muscha.

Anja Tuckermann.


Ed. Bruño.

Durante o período nazi en Alemaña un mozo, chamado Josef, sofre continuos golpes e humillacións, e non pode deixar de preguntarse por que o tratan de xeito distinto as demais.

Apaixonante novela sobre a persecución dos que desde un poder totalitario son considerados diferentes



A novela gráfica "**Maus**", considerada unha das mellores da historia e gañadora dun premio Pulitzer en 1992, xa se pode ler en galego. Trátase dun cómic biográfico de **Art Spiegelman** que narra a vivencia do seu país no campo de concentración de Auschwitz.



Resistencia.

Rosa Aneiros.

Ed. Xerais.

Unha novela que "engancha" e non podes deixar de ler. Nela nárranse as vicisitudes dunha parella portuguesa durante a dictadura de Salazar.




El baile.

Irène Némirovsky.

Salamandra.

Esta novela condensa en poucas páxinas unha historia onde a difícil relación nai-filla e o ansia de recoñecemento social fúndense coa paixón pola vida e a procura da felicidade. Unha obra indispensable dunha gran escritora do século XX.



**4º ESO
+
Bacharelato**

www.opacmeiga.rbgalicia.org

<http://biblosar.blogaliza.org/>

Rede de Bibliotecas de Galicia

Biblioteca
IES de Sar

Co bo tempo, tamén un bo libro



Melania Freire, 2º Bac. Artes

[Biblioteca]

[IES de Sar]

...

GUÍA DE LECTURAS

Verán 2009

DISCO




Resonet Cantares Galegos 2007.
Discográfica Ouvirmos.
O grupo de Música Antiga Resonet fai unha nova interpretación musical de dezasete dos Cantares Gallegos de Rosalía de Castro tomando como punto de partida as melodías do tempo da escritora. Instrumentos e sonoridades que buscan trasladarnos ao contexto no que a poeta compostelá escribiu unha das súas máis famosas obras. Inclúe libreto.

O escaravello de ouro e outros contos.

Edgar Allan Poe.

Xerais.

Con sete dos contos máis coñecidos do escritor norteamericano, O escaravello de ouro penetra neses terreos do misterio e das tebras onde E. Allan Poe soubo crear maxistralmente unha atmósfera enrarecida e un espírito dominado pola angustia e o terror que tanto caracterizan a súa prosa.



En Busca Del Tiempo Perdido: Por El Camino De Swan (cómic).

Autor: Marcel Proust.

Ilustracións e adaptación: Stéphane Heuet.

Sexto Piso editorial.

Unha boa adaptación ao cómic da obra de Proust “En busca del tiempo perdido”. S. Heuet demostra como as grandes obras da literatura poden ser divulgadas mediante un xénero tan directo e visual como o cómic. O amor, as vaidades do mundo, a guerra, a homosexualidade, a vida da alta burguesía de principios do século XX... son temas que Proust manexou con acerto na súa obra.




La mujer de verde.

Arnaldur Indridason.

Ed. RBA.

Novela negra situada en Islandia. Uns obreiros da construción en Reykjavik atopan unha tumba mentres traballan. O inspector Erlendur e o seu equipo esperan que sexa un caso típico de desaparición pero as cousas non son tan sinxelas.



Mendel el de los libros.

Stefan Zweig.

El Acanalado.

Tradución: Berta Vias

Mahou

Narra a historia dun excepcional e curioso libreiro de vello que pasa a súa vida recibindo libros e lectores na mesma mesa dun café vienés, nos comezos do século XX. Marabilliosa!




Sueños en el umbral.

Memorias de una niña del harén.

Fátema Mernissi.

Ed. El Aleph.

Esta novela dános a coñecer como era a sociedade na época na que Marrocos atopábase aínda baixo dominio francés. Todo iso baixo a mirada dunha nena.



Como unha novela.

Daniel Pennac.

Ed. Anagrama.


Fala da animación a lectura dun modo diferente e atractivo. Imprescindible!!

Arrugas

Paco Roca.

Astiberri.

O tema deste cómic é a memoria e a perda da mesma, e como en gran medida somos o que somos en función do que recordamos de nós mesmos.



Herba Moura.

Teresa Moure.

Xerais.

Novela gañadora do Premio Xerais 2005, trasládanos, da man dun personaxe contemporáneo chamado Einés Andrade, ao século XVII, onde nos atopamos coa figura dun Descartes humano e fráxil –nunha perspectiva inédita do filósofo– e, sobre todo, coa figura de dúas mulleres: a raíña Christina de Suecia e Hélène Jans, unha entrañable meiga residente en Amsterdam.




Los girasoles ciegos.

Alberto Méndez.

Plaza edición.

Este libro é o regreso ás historias reais da posguerra. Está articulado en catro historias, catro derrotas segundo o autor, que transcorren nos difíciles anos que van de 1936 e 1942, e que aínda que son

independentes están habilmente entrelazadas entre si. Son historias do silencio, cando daba medo que alguén soubera que sabías.



Título da película: Buda explotó por vergüenza.

Dirección: Hana

Makhmalbaf.

Año de
producción: 2007.
País: Irán.



Memoria de ciudades sen luz.

Inma López Silva.
Galaxia.

A autora transita A Coruña dos anos 30, a Barcelona bombardeada polos franquistas ou o París existencialista posterior á Segunda Guerra Mundial.



A praia dos afogados.

Domingo Villar.
Galaxia.

Unha apaixonante obra de intriga que leva ao lector ao mundo da Galicia mariñeira, desde as praias das Rías

Baixas á paisaxe urbana

de Vigo. Coñece a nova aventura do inspector Leo Caldas. Intriga sen acougo.

Bacharelato + Adult@s

